

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

- 4152** *Real decreto lei 1/2018, do 23 de marzo, polo que se prorroga para 2018 o destino do superávit das corporacións locais para investimentos financeiramente sustentables e se modifica o ámbito obxectivo destes.*

O artigo 12 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEOSF), regula a regra de gasto aplicable á Administración central, ás comunidades autónomas e ás corporacións locais. Esta regulación ten a súa orixe no Regulamento (UE) n.º 1175/2011 do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifica o Regulamento (CE) n.º 1466/97 do Consello, relativo ao reforzo da supervisión das situacións orzamentarias e á supervisión e coordinación das políticas económicas, que é normativa comunitaria de obrigado cumprimento para o noso país.

Trátase dunha ferramenta esencial para garantir que a evolución do gasto público estrutural se sitúe en liña co crecemento potencial da economía, garantindo, nunha situación de equilibrio orzamentario a medio prazo, a sustentabilidade financeira do gasto.

As entidades locais son, desde o ano 2012, o primeiro nivel de Administración pública que, grazas ao esforzo de consolidación orzamentaria e á positiva evolución do ciclo económico, logra presentar superávit nas súas contas. A LOEOSF establece, no seu artigo 32, que o superávit alcanzado polo Estado, comunidades autónomas e corporacións locais debe ir destinado á redución do nivel de endebedamento neto. En aplicación desta norma, un gran número de corporacións locais conseguiron unha redución considerable do seu nivel de débeda pública e o saneamento financeiro.

Tendo en conta o esforzo de consolidación realizado, a sólida situación financeira, así como a natureza dos servizos que prestan as corporacións locais, que pola súa relación de proximidade cos cidadáns teñen unha alta capacidade para influír directamente na mellora do seu benestar, estableceuse unha regra especial para o destino do superávit recollido no artigo 32 da LOEOSF.

Así, a disposición adicional sexta da LOEOSF, introducida mediante a Lei orgánica 9/2013, do 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, permite, desde o ano 2014, ás corporacións locais que presentan superávit e remanente de tesouraría para gastos xerais positivo, así como un nivel de débeda pública inferior ao límite a partir do cal está prohibido o recurso ao endebedamento e un período medio de pagamento a provedores que non supera o prazo máximo de pagamento establecido na normativa de medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, destinar o seu superávit a financiar investimentos que deben ser financeiramente sustentables ao longo da vida útil do investimento. O gasto nestes investimentos non computará para efectos da aplicación da regra de gasto definida no artigo 12 da LOEOSF, aínda que si para efectos do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

A disposición adicional décimo sexta do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, desenvolve e define o concepto de sustentabilidade financeira que debe concorrer naqueles investimentos, así como o procedemento e o ámbito obxectivo de aplicación.

Esta medida de flexibilidade no destino do superávit aplicouse por vez primeira en 2014 e prevíase, no número 5 da disposición adicional sexta da LOEOSF, en relación cos exercicios posteriores a 2014, a posibilidade, atendendo á conxuntura económica, de prórroga anual desta mediante habilitación na Lei de orzamentos xerais do Estado.

Esta medida prorrogouse para 2015 mediante a disposición adicional novena do Real decreto lei 17/2014, do 26 de decembro, de medidas de sustentabilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico, e prorrogouse nos anos 2016 e 2017 a través das respectivas leis de orzamentos xerais do Estado.

No momento actual, e na falta dos datos de peche de execución orzamentaria do ano 2017 das corporacións locais, os datos correspondentes ao terceiro trimestre do ano 2017 permiten prever que estas presentaron neste exercicio pasado unha situación de superávit orzamentario, circunstancia que se veu repetindo desde o ano 2012. Por outra parte, os indicadores dispoñibles permiten prever unha conxuntura económica para o ano 2018 favorable. É dicir, danse as circunstancias que conducirían á aprobación da prórroga da norma que permite ás corporacións locais destinar o seu superávit a realizar investimentos financeiramente sustentables.

As circunstancias políticas excepcionais motivaron que, polo momento, non se puidese tramitar a Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2018 e que esta non puidese entrar en vigor no principio do ano, e non foi posible a adopción da prórroga prevista na disposición adicional sexta da LOEOSF.

Os trámites necesarios relacionados coa iniciación e desenvolvemento do procedemento de execución do gasto requiren duns prazos que fan que, para que a medida poida producir efectos e as corporacións locais poidan levar a cabo a execución dos investimentos no presente exercicio orzamentario, sexa necesario aprobar de forma inmediata a prórroga da medida prevista na disposición adicional sexta da LOEOSF.

Por outra parte, en ausencia da prórroga, as corporacións locais quedarían obrigadas, en aplicación do artigo 32 da LOEOSF, á redución do endebedamento neto. As entidades locais actualmente están liquidando os seus orzamentos de 2017 e necesitan coñecer se deben aplicar aquela medida ou se, reunindo os requisitos necesarios para isto, poden destinar o superávit a financiar investimentos financeiramente sustentables. Neste sentido, cómpre subliñar que a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, define no seu artigo 28 como infracción moi grave en materia de xestión económico-orzamentaria o incumprimento do citado artigo 32 da LOEOSF. Polo tanto, por razóns de urxencia e de carácter extraordinario, resulta necesario incluír a prórroga nun real decreto lei, como xa se fixo no Real decreto lei 17/2014, do 26 de decembro.

Tendo en conta, ademais, que a prórroga da regra especial do destino do superávit podería carecer de operatividade de se exixir, en todo caso, que en 2018 se realicen as fases do procedemento de execución do gasto de autorización e disposición ou compromiso, considérase necesario non requirir o desenvolvemento desta última no mesmo exercicio, o que non contradí o carácter urxente da presente norma, xa que un bo número de proxectos de investimento require o desenvolvemento dun procedemento de contratación que, pola súa natureza e contía, debe iniciarse canto antes co obxecto de que a fase de autorización do gasto poida concluír no presente exercicio.

Por outra parte, atendendo ao impacto e efectos derivados da regulación que se fai dos investimentos financeiramente sustentables na disposición adicional décimo sexta do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e o desequilibrio entre os datos de investimento financeiramente sustentable que poderían realizarse e os que realmente se executan (apenas un 26 % con datos de 2016), resulta necesario introducir modificacións no ámbito obxectivo mediante a súa ampliación, tendo en conta as actuacións que desenvolven as entidades locais e as competencias que teñen atribuídas. Perséguese, con esta modificación, que as corporacións locais que realizaron esforzos importantes de consolidación teñan maior capacidade para levar a cabo investimentos que se traduzan de forma inmediata nun maior benestar para os cidadáns e que supoñan no medio prazo unha maior capacidade de crecemento, sen erosionar a estabilidade das contas públicas. Así mesmo, revísase o réxime de autorización administrativa previa que se contén naquela norma. A ampliación do ámbito obxectivo de aplicación do concepto de investimento financeiramente sustentable inclúe grupos de programas que acollen proxectos de investimento que requiren procedementos de contratación que, pola súa complexidade, deben iniciarse coa maior brevidade posible para poder estar executados no período máximo que se recolle na norma. Esta modificación resulta urxente para que xa no exercicio corrente os investimentos que se realicen con base na prórroga respondan ás necesidades actuais das corporacións locais.

Do anterior resulta ademais que, neste caso, o real decreto lei representa un instrumento constitucionalmente lícito, en canto que pertinente e adecuado para a consecución do fin que xustifica a lexislación de urxencia, que non é outro, tal como reiteradamente exixiu o noso Tribunal Constitucional, que remediar unha situación concreta, dentro dos obxectivos gobernamentais, que por razóns difíciles de prever require unha acción normativa inmediata nun prazo máis breve que o requirido pola vía normal ou polo procedemento de urxencia para a tramitación parlamentaria das leis.

Por tanto, no conxunto e en cada unha das medidas que se adoptan, concorren, pola súa natureza e finalidade, as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade que exige o artigo 86 da Constitución española como presupostos habilitantes para a aprobación dun real decreto lei.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta do ministro de Facenda e Función Pública, logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 23 de marzo de 2018,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Destino do superávit das entidades locais correspondente a 2017.*

En relación co destino do superávit orzamentario das corporacións locais correspondente ao ano 2017 prorrogase para 2018 a aplicación das regras contidas na disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, para o que se deberá ter en conta a disposición adicional décimo sexta do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

No suposto de que un proxecto de investimento non se poida executar integramente en 2018, a parte restante do gasto autorizado en 2018 poderase comprometer e recoñecer no exercicio 2019, financiarse con cargo ao remanente de tesouraría de 2018 que quedará afectado a ese fin por ese importe restante e a corporación local non poderá incurrir en déficit ao final do exercicio 2019.

Artigo 2. *Modificación do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.*

Modifícanse os números 1 e 2 da disposición adicional décimo sexta do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, que quedan redactados nos seguintes termos:

«1. Que o investimento o realicen, en todo caso, entidades locais que se encontren ao día no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social.

A) Ademais, deberá ter reflexo orzamentario nos seguintes grupos de programas recollidos no anexo I da Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais:

160. Rede de sumidoiros.
161. Abastecemento domiciliario de auga potable.
162. Recollida, eliminación e tratamento de residuos.
165. Iluminación pública.
172. Protección e mellora do ambiente.
412. Mellora das estruturas agropecuarias e dos sistemas produtivos.
422. Industria.
425. Enerxía.
431. Comercio.
432. Información e promoción turística.
441. Transporte de viaxeiros.

- 442. Infraestruturas do transporte.
- 452. Recursos hidráulicos.
- 463. Investigación científica, técnica e aplicada.
- 491. Sociedade da información.
- 492. Xestión do coñecemento.

B) O investimento poderá ter reflexo orzamentario nalgún dos grupos de programas seguintes:

- 132. Seguridade e orde pública.
- 133. Ordenación do tráfico e do estacionamento.
- 135. Protección civil.
- 136. Servizo de prevención e extinción de incendios.
- 153. Vías públicas.
- 171. Parques e xardíns.
- 231. Asistencia social primaria.
- 321. Creación de centros docentes de ensino infantil e primario.
- 323. Funcionamento de centros docentes de ensino infantil e primario e educación especial.
- 332. Bibliotecas e arquivos.
- 333. Equipamentos culturais e museos.
- 336. Protección do patrimonio histórico-artístico.
- 342. Instalacións deportivas.
- 453. Estradas.
- 454. Camiños veciñais.
- 933. Xestión do patrimonio, en que se poderán incluír os aplicados á rehabilitación, reparación e mellora de infraestruturas e inmobles propiedade da entidade local afectos ao servizo público, incluídas as actuacións de adaptación de infraestruturas que permitan a accesibilidade universal para persoas con discapacidade e persoas maiores.

Cando exista gasto de investimento nestes últimos grupos de programas e se incorra nun gasto de investimento no conxunto de grupos de programas citados neste punto superior a 15 millóns de euros ou ao 40 % do gasto non financeiro total da entidade local respectiva e supoña incremento dos capítulos 1 ou 2 do estado de gastos vinculado aos proxectos de investimento, requirirase autorización previa da Secretaría Xeral de Financiación Autonómica e Local, do Ministerio de Facenda e Función Pública.

2. Quedan excluídos tanto os investimentos que teñan unha vida útil inferior a cinco anos como os que se refiran a mobiliario e utensilios, agás que se destinen á prestación de servizos asociados aos grupos de programas recollidos no número anterior. Tamén quedan excluídos os investimentos en vehículos, agás que se destinen á prestación dos servizos públicos de recollida, eliminación e tratamento de residuos, seguridade e orde pública, protección civil, prevención e extinción de incendios, e de transporte de viaxeiros.»

Disposición derradeira primeira. *Títulos competenciais.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a, 149.1.14.^a e 149.1.18.^a da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, facenda xeral e débeda do Estado, e nas bases do réxime xurídico das administracións públicas, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa.*

Autorízanse o Goberno e o ministro de Facenda e Función Pública, no ámbito das súas competencias, para ditar as disposicións e adoptar as medidas necesarias para a aplicación e desenvolvemento do previsto neste real decreto lei.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 23 de marzo de 2018.

FELIPE R.

A presidenta do Goberno en funcións,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN